

EXERCICIOS RESOLTOS 4º ESO. SEMANA DO 23-27 DE MARZO

1ª SESIÓN

Actividades da páxina 160:

1.-

- Semento (v. 4). Vbo sementar: provocar, dar orixe á esperanza.
- Alba (v. 6): primeira luz do día
- Anguria (v. 16): sensación de intranquilidade e sufrimento acompañada de alteración física, producida pola incerteza, a inseguridade, a aprehensión, o medo etc.
- Abafa (v. 16). Vbo abafar: dificultar ou impedir a respiración.
- Mansa (v. 24): que se move ou discorre suavemente, lentamente.

2.-

Moraima, muller destinataria deste poema, representa a referencia inevitable para cada un dos movementos vitais do eu lírico. A amada realiza, grazas á forza do amor que a voz poética lle profesa, prodixios constantes, actúa milagrosamente, sobre a natureza e sobre o propio ser do eu lírico.

3.-

A estrutura do poema «Xaneiro 1972, II» presenta cinco estrofas cun total de vinte e oito versos cunha medida de 5 (pentasílabo) ou 7 (heptasílabo) sílabas. A súa rima é asonante (a-a) nos versos 3º, 4º, 5º e 6º das catro primeiras estrofas, xa que na última estrofa riman en asonante (a-a) os versos 2º e 4º.

4.-

Este poema reflicte o amor de Celso Emilio Ferreiro á súa compañeira Moraima. É un intenso canto de amor a Moraima e está enmarcado, dentro da traxectoria poética Celso E. Ferreiro, na súa liña intimista.

7.-

Cando quero vivir: cláusula subordinada adverbial de tempo; digo Moraima: cláusula principal. Digo Moraima: cláusula principal. cando semento a espranza: cláusula subordinada adverbial de tempo.

Digo Moraima: oración coordinada 1. eponse azul a alba: oración coordinada

8.-

Verbos regulares: vivir e sementar.

Os verbos regulares son aqueles que conservan intacto o tema (raíz + vogal temática) en todas as súas formas e persoas e toman as desinencias verbais do seu modelo correspondente. Vivir: vivía, vivirei. Sementar: sementaba, sementase.

Verbos irregulares: querer, dicir e pór.

Os verbos irregulares son aqueles que sofren variacións no tema, nas desinencias ou en ambos á vez: querer (P1 presente ind.: quero; P1 antepretérito: quixera), dicir (P1 presente ind.: digo; P1 antepretérito: dixera) e pór (P1 presente ind.: poño; P1 antepretérito: puxera).

2ª SESIÓN

Actividades da páxina 161:

1.-

- As ideas de cada unha das cinco partes nas que se divide este poema son:
 - Versos 1-6: a voz poética di descoñecer a todos os que camiñan ao seu rente pero séntese solidaria con todos os cidadáns do mundo.

- Versos 7-10: séntese solidaria con aqueles que sofren a opresión e o asoballamento, os que sofren e padecen as calamidades da falla de liberdade, os que loitan contra os mesmos males. – Versos 11-14: pensa que aínda que falen distintas linguas ou sexan de diferente raza, están unidos polo mesmo sufrimento.
- Versos 15-18: a voz poética séntese solidaria con todos os homes do mundo, por riba de fronteiras e de todo o que os poida separar, posto que teñen o mesmo soño de liberdade.
- Versos 19-22: nesta última parte manifesta o seu compromiso internacionalista con todos os homes do mundo que teñen unha patria común: a da opresión e o asoballamento, e que, coma irmáns, se senten unidos na mesma loita pola consecución da liberdade.
- O tema desta poesía é un canto solidario co ser humano de calquera latitude, marcado pola dor, vítima da opresión e constringido polas desigualdades sociais. É unha emotiva declaración de solidariedade con todas as persoas oprimidas do mundo.
- A relación que se establece entre o tema e o título da composición vén marcada pola propia definición da palabra irmán: persoa que, respecto a outra, comparte os seus mesmos ideais. Irmáns son todos aqueles cidadáns do mundo que se senten unidos polo sufrimento e que alzan a súa voz solidariamente para loitar contra a opresión que sofren. Celso E. Ferreiro, como home de ideais marxistas, alza aquí a súa voz nun canto de solidariedade internacional entre todos aqueles que teñen unha patria común: a da loita contra o asoballamento e a falla de liberdade.

2.-

- O «ti» ao que se dirixe o poeta é un «ti» colectivo. Estase a referir a todos os cidadáns do mundo que teñen o mesmo sufrimento e os mesmos ideais.
- O emprego do condicional obedece á delimitación daqueles aos que se dirixe o poeta: os oprimidos e asoballados da historia. Eses oprimidos cos que se sente unido, que teñen unhas calidades comúns: a opresión que podemos identificar coa noite, o sufrimento (choran o teu pranto), a dor (os berros son iguais), os mesmos padecementos (semellantes as feridas), posúen os mesmos ideais de loita pola liberdade (os nosos soños son iguais)..

4.-

Resposta aberta.

5.-

Os dous recursos formais son a anáfora e o paralelismo:

- Anáfora: versos 4, 5: máis alá.
versos 7, 8, 9, 13, 17: si...
versos 6, 10, 14, 18, 22: como un irmán che falo.
versos 15, 16: por riba de...
versos 19, 20: común.
- Paralelismo: versos 4 e 5.
versos 7, 8 e 9.
versos 15 e 16.
versos 19 e 20.

Coa utilización dos recursos formais da anáfora e do paralelismo o poeta consegue a reiteración da mesma idea, a que conforma o motivo recorrente de todo o poema: o canto á solidariedade entre todos os que sofren. Asemade, estes dous recursos literarios contribúen a proporcionarlle ritmo ao poema.

3ª SESIÓN

1.

- Xa lles contou o porqué do seu enfado.
- Cando a vexas preguntalle por que non vén con nós pasar a fin de semana.
- E logo por que queres ir a Londres? Porque teño un tío traballando alí.
- A lesión que tivo foi a causa por que deixou o equipo de balonmán.
- Foron ao centro porque tiñan que facer unhas compras.

2.-

- Se non podes quedar hoxe, vémonos mañá.
- Non só cheguei á hora que falamos, senón dez minutos antes.
- Non lle apetece outra cousa senón durmir.
- Se non lle dixeses que tiñas cita na dentista non faría outros plans para hoxe pola tarde.
- Senón o biscoito de framboesa, o resto das lambonadas coméronas todas.

3.-

- porqué o fútbol (l. 1): o correcto é por que.
- por que eran fabas (l. 4): o correcto é porque.
- e porque, ademais, (l. 5): forma correcta.
- por que era necesario (l. 6): o correcto é porque.
- E por que non (l. 8): forma correcta.
- pensa senón estaría (l. 10): o correcto é se non.
- por que o mes pasado (l. 11): o correcto é porque.
- sen ningún por que especial (l. 13): o correcto é porqué.
- Se non fose (l. 14): forma correcta.
- se non encantado (l. 15): o correcto é senón.

4.- Resposta aberta.